

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

En primeiro lugar recomendamos confeccionar un horario para planificar as actividades diarias coas recomendacións de actividades.

Exemplo:

Hora	Rutinas
Hora	Manualidade
Hora	Merenda/actividade física
Hora	Lectura
Hora	Xogo matemático ou de letras
Hora	Diario de actividades

RUTINAS

O NOME

1. Escribir o seu nome, repasar a grafía daquelas letras que máis difícil lles resulta trazar, enumerar as letras que o compoñen articulando o son de cada unha delas, contar cantas letras o forman e sinalar dentro da recta numérica cal é ese número. Contar cantas sílabas ten, dando palmas, e tamén buscar o número resultante na recta numérica.
Para facer a recta podedes elaborar unha tarxeta (escrita á man serve perfectamente) que xa vos quede para os vindeiros días deste tipo:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

2. Ademais de co nome propio estas tarefas anteriores tamén as poden facer centrándose cada día no nome dun compañeiro ou compañeira. Para isto, será o adulto quen primeiro escriba nun papel o nome do neno/a sobre o que ides traballar ese día (co fin de telo como apoio visual diante).
3. Xogar a identificar o nome dos compañeiros e compañeras da aula. Para isto, coa súa axuda, facede unhas tarxetas cos nomes de todos os compañeiros e compañeras. Para elaboralas podedes facer así: marcar en folios (ou no que teñades pola casa que poida servir) 11 rectángulos. Recortarlos e escribir dentro de cada rectángulo o nome dun compañeiro/a da clase. A continuación metémolos todos nunha bolsiña e ímolos sacando de un en un xogando a adiviñar a quen pertencen os nomes dos papeis que van saíndo.

Para que non sexa sempre o mesmo, podedes ir alternando nos días esta tarefa con estoutra:

Escribide o nome dun neno xuntos. Mirade as letras que o compoñen e ídeas anotando noutro papel para que logo as poida recortar. Unha vez recortadas, mirando polo modelo do nome que escribistes ao principio, deberá ordenalas correctamente.

ESQUEMA CORPORAL

Cada día debuxarán a unha persoa distinta (un día a eles ou elas mesmas, outro á papá, outro a mamá, a un amigo,...).

Primeiro faino o adulto, coa axuda do neno/a, e entre os dous van nomeando as distintas partes do corpo que trazan co fin de asegurarse que non lle falta ningunha parte. Feito isto tocaralle ao neno ou nena debuxalo só.

A orde do debuxo será de cabeza a pés, como faciamos na aula: primeiro cabeza con todo o que hai nela (ollos e pupila, pestanas, cellas, nariz, boca, orellas e cabelo), logo pescozo, tronco, brazos con mans e dedos cada un, pernas e pés.

Podedes poñerlle a canción “*En mi cara redondita*” que cantabamos todos os días antes de facer o debuxo.

<https://www.youtube.com/watch?v=MsHM0Fo3bxQ>

CALENDARIO

Cantar a canción “*Días de la semana*” que xa todas e todos coñecen

<https://www.youtube.com/watch?v=v7mm8MC1MqY>

Nun calendario que teñades pola casa ou elaborado por vós mesmos (sempre coa axuda dos nenos/as), cada día miraremos que día da semana é, rodearán o número no que nos atopamos, contaremos desde o número 1 ata o dígito correspondente ao día no que nos atopamos e sinalaremos o tempo que vai fóra debuxando segundo corresponda:



Sol



Choiva



Nubrado



Sol con nubes

ABECEDARIO

Todos os días visulizarán o seguinte vídeo para seguir asociando cada grafía co seu fonema correspondente. É interesante que vaian repetindo eles tamén os sons das letras.

Conto: *“El pollito Pipo”*

<https://marquirell.blogspot.com/2018/11/cuento-para-trabajar-la-conciencia.html>

Despois do visionado do vídeo podedes escribir todas as letras do abecedario nunha folla (sempre en maiúscula) e ir dicindo o nome de cada letra e o son que ten.

CONTOS

Buscade un momento do día para adicar á lectura.

Lede con calma, observade e comentade as ilustracións, o que vos pareceu o conto, se vos gustou ou non, como eran os personaxes principais, como se chamaban... Tamén podedes aproveitar o conto para facer distintos xogos tipo: buscar porque letra comeza o título, atopar algunha letra do seu nome nel ou unha letra que lle indiquedes vós , mirar se no nome do personaxe hai algunha letra igual á do seu nome, buscar palabras que teñan a letra *D* (por exemplo), mirar cal é o número de cada páxina número, contar elementos nas ilustracións do conto (tipo número de árbores que aparecen ou nubes, etc), facer un debuxo ou manualidade do conto.

DIARIO

A idea é elaborar un pequeno diario no que cada día vaian recollendo, a partir de debuxos e palabras escritas por eles e elas libremente aquel momento do día, actividade ou cousa que máis lles gustou, co fin de que poidan sacar algo positivo desta situación. É importante que de primeiras deixedes que eles escriban as palabras do seu modo, como eles saben. Logo que vos digan o que puxeron e vós podedes transcribilo, sen dicirlles, en ningún momento, que como o escribiron eles está mal senón todo o contrario, motivándoos polo esforzo que fixeron. Pois o que se pretende con isto non é que o escriban perfecto, senón que collan seguridade no que fan, gusto pola escritura, vaian comprendendo o que supón escribir,...

Tamén podedes sacar fotos de cada situación e cando todo isto pase imprimilas e pegalas na páxina corresponde, como apoio ao debuxo e ao texto.

O formato do diario podedes confecionalo como queirades. Unha idea é facer como un libro con folio, cartolinas,... ou o que teñades pola casa e poñerlle unha portada e contraportada decoradas con material de refugallo: recortes de revistas, das caixas de galletas,...

MOTRICIDADE FINA

Nestas idades o traballo da motricidade fina é primordial para fortalecer a coordinación óculo-manual, a precisión, a concentración, o dominio da man, da boneca e antebrazo,... aspectos fundamentais para a correcta adquisición de determinadas habilidades e aprendizaxes como a escritura.

Por isto é moi aconsellable que todos os días fagan algunha actividade orientada ao seu fortalecemento como poden ser:

- Rasgar papeis e logo pegalos nun folio.
- Xogar coas pinzas da roupa a tender calcetíns, coller trozos de papeis e botalos nun recipiente, a colocalas nun cartón ou caixa,...
- Recortar pajitas e logo pasar os anacos por un cordón para facer colares ou pulseiras.
- Recortar retais vellos ou anacos de papel libremente ou polo sitio sinalado.
- Coas pinzas de cociña ou de depilar coller distintos elementos e xogar a clasificalos (por exemplo: coller botóns e botar no recipiente correspondente segundo o color ou tamaño, misturar nunha caixiña: lentellas, garbanzos e macarróns e xogar tamén a collelos coas pinzas botando cada un nun tarro distinto.
- Facer colares de macarróns.
- Enroscar tapóns.
- Darlles un mandilón ou camisa que teñades pola casa para que a poñan, a abotoen e desabotoen sós.
- Picar con quebradentes unha bandexa ou anaco de porispán.

XOGOS DE MESA

- Poden facer os quebracabezas que teñan pola casa.
- Baralla: Podedes xogar cunha baralla normal (o que vos limitaría a traballar só números do 1 ao 7) ou facer as vosas propias cartas debuxando nelas o que vos apeteza, por exemplo estrelas, bolas, gorros.... (esta sería tamén unha boa actividade plástica para facer coas nenas e nenos). Algunas ideas para xogar con elas son: contar os elementos que teñen cada unha e buscar cal sería o número equivalente na recta numérica, agrupalas segundo teñan un elemento, dous, tres,...., Outro xogo pode ser: Repartimos todas as cartas, establecemos cal é a carta que sae (sempre a que ten o número 1). Sae esa persoa e despois seguen os demais, os cales teñen que poñer unha carta seguinte da que xa hai (neste caso un 2 ou outro 1), se non teñen carta hai que pasar.

Para saber que carta hai que poñer axudádelles recordando que poden contar tantas veces necesiten dende o número 1.
Gaña o que acabe as cartas primeiro.

- O xogo da oca ou do dominó tamén pode ser outra posibilidade.

EDUCLAN

Rtve, lanza a través de Educlan unha ferramenta, coordinada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, que ofrece ás familias recursos educativos de calidade con vídeos educativos sobre as principais áreas curriculares: ciencias, lingua, lóxica matemática,...

Aquí vos deixo o enlace por si vos interesa poñerllo cada día un anaco, pois non debes esquecer a importancia de controlar o tempo que pasan diante do televisor, ordenador, tablets,...

<https://www.rtve.es/infantil/series/educlan-3-5-anos/>